



### **30.05.08. COMUNICADO DE PRENSA DO COLECTIVO DE AFECTADOS POLA CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA DA RÚA AS BARXAS DE MOAÑA (PONTEVEDRA):**

O COLECTIVO DE AFECTADOS POLA ELECTROCONTAMINACIÓN DE AS BARXAS EN MOAÑA ENTREGAN UN ESCRITO NO CONCELLO DEIXANDO CONSTANCIA DE QUE AS ANTENAS DE TELEFONÍA MÓBIL INCUMPREN O REGULAMENTO DE ACTIVIDADES MOLESTAS, INSALUBRES, NOCIVAS E PERIGOSAS.

O Colectivo de Afectados polas Antenas de Telefonía Móbil da rúa As Barxas presentou este venres 30.05.08 no rexistro do Concello de Moaña, un escrito onde deixan constancia de que as antenas situadas no edificio que Telefónica posúe neste lugar, carecen de licenza de Actividade Clasificada.

O pasado 4 de abril de 2008, e avalados por máis de oitocentas sinaturas, un grupo de veciños preocupados polos efectos potenciais negativos para a saúde da contaminación electromagnética existente nesta zona, solicitaron diversa información ao Concello de Moaña sobre as antenas situadas no edificio que Telefónica ten nesta rúa. O 5 de maio recibiron da Concellería de Medio Ambiente ampla documentación na que puideron comprobar que neste edificio non so están colocadas as antenas de Movistar de Telefónica, senón tamén as da compañía Vodafone e Yoigo. En todo caso tras consultar a unha asesoría xurídica e á Asociación pola Defensa da Ría (APDR), contrastamos que estas antenas non teñen concedida por parte do Concello a **Licenza de Actividade Clasificada** (Normativa estatal: Decreto 2414/1961: Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres Nocivas e Perigosas), requisito esixible a tódalas antenas de telefonía móbil segundo o último informe presentado polo Valedor do Pobo ante o Parlamento Galego.

Por todo o dito anteriormente, **este colectivo vai a tratar de reunirse con tódolos grupos políticos que conforman a Corporación deste Concello, para informarlles máis detidamente sobre as súas inquedanzas e pedirllas que se estas compañías solicitan a Licenza de Actividade Clasificada (en base ao RAMINP), toda a corporación teña a ben non concederlle dita licenza aplicando o PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN** (principio que recomenda aplicar nas zonas residenciais a Axencia Europea de Medio Ambiente e o Valedor do Pobo no seu último informe ante o Parlamento Galego) e que sexan quen de negociar con estas compañías unha solución para tódalas antenas colocadas nas zonas residenciais de Moaña (Barxas, Portal do Almacén, Tirán...), apartándoas destes lugares e trasladándoas a un espazo onde a distancia de seguridade á exposición deste tipo de campos se rebaixe aos niveis biolóxicos mínimos tolerables e que non afecten a poboación.

\* Axuntamos, o modelo do escrito entregado, vía rexistro, este venres 30 no Concello de Moaña.

Moaña, 30 de maio de 2008